

A TERRA, A AUGA, O AIRE E O NOSO FUTURO NON ESTÁN Á VENDA

Temos que paralo, e imos paralo!

ALTRI NON!

Non á privatización

A propaganda atronadora de Altri e a Xunta cae a pedazos. Hoxe sabemos que as emisións puluíntes superarían as emisións conxuntas das oito principais celulosas de todo o Estado. Os 2.500 postos de traballo directos prometidos quedáronse en, segundo eles mesmos, menos de 500. De xerar fibra

“verde”, en realidade producirá 400.000 toneladas anuais de pasta celulosa soluble. De utilizar “madeira galega certificada”, resulta que impulsará o monocultivo do eucalipto. Despois de espoliar os recursos naturais en Portugal, onde acumula varias sancións por contaminar o río Tejo, Altri chega



a Galiza da man do PP para seguir facendo o mesmo e non o imos a permitir.

Desde que máis de 20.000 persoas nos manifestásemos hai meses en Palas de Rei, o clamor popular contra este macroproxecto de celulosa da portuguesa Altri, en asociación coa galega Greenalia, non parou de medrar. Temos forza para frear este atentado salvaxe contra o medio ambiente e as nosas vidas. Hoxe encheremos o Obradoiro para dicir alto e claro que os recursos naturais e as nosas vidas valen máis que os beneficios de ningunha empresa privada e que non van poder coa determinación dun pobo por máis millóns que invistan en desinformación masiva.

Grandes empresas e portas xiratorias, os únicos beneficiarios de este macroproxecto

Altri planea utilizar 46 millóns de litros de auga diarios procedentes do río Ulla (o que necesita diariamente toda a provincia de Lugo) de que, di, devolverá 30, xa poluídos polo proceso. Non mencionan como afectará á atmosfera a utilización de produtos químicos nin do impacto das propias obras de construción necesarias para poñer a planta en funcionamento.

Tampouco explican os miles de postos de traballo que se destruírán na comarca da Ulloa, dedicados á agricultura e á gandería. Por non falar das mariscadoras da ría de Arousa, onde desembocará o Ulla, xa poluído. Ou os traballadores de albergues e casas rurais cando os peregrinos deban soportar o tufo a xofre dunha fábrica situada a menos dun quilómetro do Camiño de Santiago.

Os beneficiarios deste proxecto non están entre a clase traballadora e a mocidade galega, senón que hai que buscalos nos consellos de administración de empresas e consellarías. Polo menos un terzo de toda a produción da macroplanta irá destinada á fabricación de *lyocell*, unha forma de viscosa cada vez máis utilizada na industria téxtil, o cal explica moi ben que o director xeral de finanzas do grupo Indi-

tex fose un dos “expertos” que “recomendaron” á Xunta apostar polo proxecto.

Outros dos agraciados son os membros do consello de administración de Greenalia, socio de Altri no proxecto, en que participan un antigo conselleiro delegado de Inditex e antigos concelleiros do PP, Antonio Couceiro e Beatriz Mato, é conselleira de Medio Ambiente. Tamén se lucra polo seu papel como “asesora” de Altri a consultoría Acento, fundada polo exministro socialista Pepe Blanco, natural de Palas de Rei, e dirixida por Alfonso Alonso do PP.

Contra o espolio dos recursos naturais, a loita é o único camiño

Estes vínculos entre Altri, Inditex e a Xunta do PP explican tamén a actitude servicial da Xunta de Galicia, ao momento de exporse a concesión de ata 250 millóns procedentes de fondos europeos para a construción desta monstrosidade, e a preocupación hipócrita pola falta de tecido industrial en Galicia despois de cruzarse de brazos ante o peche de Poligal en Narón, de Alcoa en Coruña, da central térmica das Pontes, dos estaleiros de Barreiras e a antiga Vulcano en Vigo. Non menos vergoñento resulta o silencio do Goberno central de PSOE-Sumar, que cando se manifesta faino unicamente para reclamar “máis transparencia” e reduciilo todo a cuestións técnicas sobre a posibilidade ou non de que as subvencións europeas se concedan. O PSdG directamente abstívose na votación no Parlamento galego e, máis aló das súas declaracións sobre que “non lles gusta” o proxecto, o certo é que non fixeron nada para evitalo e moito menos atrevéronse a aparecer nas mobilizacións.

Temos motivos e moitísima forza para botar atrás este proxecto devastador. Así o demostramos e volverémolo a facer as veces que faga falta. Contra a destrución das nosas vidas e o noso futuro, contra os intereses de empresas e políticos mercenarios convertidos a empresarios, o berro de decenas de miles de voces hoxe volverá ser unánime: «A terra, a auga, o aire é para os nosos netos e non para os seus petos». Altri Non!



ESQUERDA 
REVOLUCIONARIA

sindicatodeestudiantes.net | 621 066 466 | izquierdarevolucionaria.net